



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **27 de decembro de 2013**, adoptou o seguinte acordo:

3.- ADXUDICACIÓN PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS FASE 1. EXPTE. 2060/440.

Visto o informe de fiscalización do 26.12.13 e, de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación do 27.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro : dar conta das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de Contratación:

- Acordo da Mesa de contratación celebrada o 02/12/2013 no que se procede á exclusión da empresa OBRAS E PROXECTOS GOMACONS S.L., por non presentar a documentación técnica en formato dixital tal como esixe o prego de cláusulas administrativa particulares.

Segundo: Adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras da rúa Ferreiros Fase 1 (expediente 2060-440) á mercantil EIRIÑA, S.L., por un prezo total de 132.377,30 euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. De 22.974,57 euros, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incremento do prazo de garantía en 60 meses.
- Incremento do control de calidade nun 2%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e sete de decembro do ano dous mil trece.

rs

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.

